



## LISTA DE ASISTENTES

Campos Bastos, Celso  
 Carballo-Calero Ramos, M<sup>a</sup> Victoria  
 Cid Fernández, Xose Manuel  
 Corbacho Suso, Patricia  
 De Oca Cancela, Guillermo  
 De Vicente Remesal, Javier  
 Docampo Amoedo, Domingo  
 Durany Castrillo, José  
 Estévez Toranzo, Margarita  
 Fandiño Alonso, Xaime  
 Fernández Álvarez, Antón  
 Fernández Saborido, Anxo Manuel  
 Gago Rodríguez, Alberto  
 Gálvez Gálvez, Juan Fco.  
 Gómez Gude, Jorge Juan  
 González Piñeiro, Luis  
 Gueimonde Canto, Ana Isabel  
 Hernández Sánchez, Jesús  
 Iglesias Galán, M<sup>a</sup> Hilda  
 Iglesias Randulfe, M<sup>a</sup> Teresa  
 Legido Soto, José Luis  
 Martínez Cobas, Xavier  
 Mazaira Castro, Andrés  
 Méndez Franco, Óscar  
 Pousada Carballo, José M<sup>a</sup>  
 Rabanal Carbajo, Pedro  
 Ramos Cabrer, Manuel  
 Rodríguez Fuentes, Gustavo  
 Rubiños López, J. Óscar  
 Sánchez Bermúdez, Ángel M.  
 Suárez Creo, Juan  
 Tojo Suárez, José E.  
 Troncoso Durán, Dolores  
 Vázquez López, Ezequiel M.

### DESCULPAN ASISTENCIA:

Barreiro Alonso, Enrique  
 Cidrás Pidre, José  
 Membiela Iglesia, Pedro  
 Sánchez Bello, Patricio A.

Acta da sesión extraordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 4 de novembro de dous mil cinco, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e as 10:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da E.T.S de Enxeñeiros de Telecomunicación

O venres, día 4 de novembro de 2005, ás 10:10 horas, deu comezo a sesión extraordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Proposta de equiparación económica e administrativa do cargo de Director do Centro de Posgrao.
2. Información e debate sobre a posta en marcha de novos programas de posgrao.

**Punto 1.-** Proposta de equiparación económica e administrativa do cargo de Director do Centro de Posgrao.

O reitor informa de que no documento sobre a organización dos estudos de posgrao aprobado no Consello de Goberno de data 27 de xuño de 2005, figuraba un centro de posgrao cun director do mesmo.

Nesta primeira etapa o cargo de director vai levar consigo unha dedicación importante polo que propón equiparalo á figura de vicerreitor.

Apróbase por asentimento a proposta.

A continuación o reitor adianta que a persoa que vai desempeñar este cargo é o profesor Antonio García Pino, que ata agora era o presidente da comisión de doutoramento.

**Punto 2.-** Información e debate sobre a posta en marcha de novos programas de posgrao.

Intervén en primeiro lugar o reitor para informar sobre o tema. Sinala que esta sesión extraordinaria é de carácter informativo e nela recolleranse suxestións pero non se van adoptar acordos. Están invitados todos os Decanos/Directores de centros así como os Directores dos departamentos que teñen programas de doutoramento con mención de calidade e que xestiona esta universidade.

Expón que o contexto legal do posgrao é o R.D. 56/2005 e nestes momentos está a punto de saír unha modificación do Artigo 5 pola que a aprobación dos programas de posgrao pasa a

ser competencia das comunidades autónomas. Como resultado desta modificación é probable que se retrase a data do 15 de febreiro para que as universidades envíen ao Consejo de Coordinación

Universitaria a relación de posgraos de nova implantación; non obstante, na comunidade autónoma elaborouse un calendario de traballo que mantén esa data e no caso que se retrase estenderíase o prazo.

Outro tema fundamental para empezar a falar do posgrao é saber qué vai pasar cos títulos de grao, parece que o ministerio está estudando a posibilidade de antes de finais de ano indicar os títulos de grao que se van impartir.

Comeza unha etapa transitoria na que non vai haber estudantes de grao pero si vai haber posgraos, os alumnos serán licenciados ou diplomados e o ritmo de implantación destes novos programas non debería ir moi rápido.

Xurde un problema cos actuais programas de doutoramento, xa que segundo a disposición transitoria segunda do R.D. 56/2005 deberá comezar o seu proceso de extinción antes do 1 de outubro de 2007. Á solicitude dos reitores, a ministra comprometeuse a aclarar ou modificar ese parágrafo no sentido de que mentres dure o proceso de posta en marcha do novo posgrao ningún destes programas se extinga, polo que nesta etapa transitoria convivirían ambos.

Así mesmo indica que como resultado da reunión dos tres reitores coa Consellería de educación pódense facer as seguintes reflexións:

- Trátase da posta en marcha dun proceso que abrangue varios anos, polo menos ata o 2012.
- O sistema non será restritivo xa que os primeiros e segundos ciclos existentes transformaríanse en estudos de grao e posgrao; o que se pretende é conformar distintas opcións para non ter todos a mesma estrutura de posgrao.
- Para o curso próximo soamente se van implantar 15 programas de posgrao nas tres universidades galegas (5 por universidade).
- Nesta etapa transitoria a consellería indica que non vai haber financiamento adicional para o capítulo I das universidades polo que á hora de presentar un proxecto é preciso ter en consideración aspectos como:
  - o Utilizar profesorado que non teña saturada a carga docente.
  - o Utilizar os investigadores que traballen na universidade como son os Ramón y Cajal, Parga Pondal, etc.
  - o Utilizar profesores visitantes e xente de empresa.
  - o Conformar o primeiro ano do posgrao con materias de 2º ciclo dos planos actuais e así aos alumnos licenciados poderánselles validar as materias que xa teñen cursadas e soamente terían que cursar o 2º ano do posgrao. Os alumnos diplomados terían que cursar todos os créditos.

- Para esta convocatoria, o que se ten que aprobar nos órganos de goberno da universidade, vai estar previamente acordado entre as tres universidade e a consellería polo que para as propostas iniciais non será necesario facer a priori unha memoria moi extensa.
- Se non cambia a data do 15 de febreiro, o 12 de decembro haberá unha xuntanza entre a consellería e as tres universidades para analizar as propostas presentadas e na que se decidirá cáles van ser os 15 programas de posgrao que se van poñer en marcha para o curso próximo nesta comunidade.

Á vista desta información, o reitor pide que se faga chegar ao vicerreitorado de titulacións, posgrao e formación permanente todas aquelas propostas que estean maduras, gustaríalle levar á reunión do 12 de decembro de 6 a 8 propostas para ter unha certa capacidade de negociación, invita a toda a comunidade a presentar algunha proposta e aconsella que sería bo ter en conta o seguinte:

- preferentemente sexa multiárea e/ou multicentro,
- incorporen investigadores Ramón y Cajal, Parga Pondal e asimilados,
- estean presentes os catro ámbitos de coñecemento e os tres campus,
- teñan un número importante de posibles estudantes.

Unha vez decidido os programas a implantar por cada universidade será preciso completar a documentación que será analizada pola ACSUG a finais de xaneiro antes de ser aprobados polo Consello Universitario Galego para envalos a Madrid. A finais de xaneiro terán que estar os acordos dos órganos colexiados de cada universidade sobre os programas propostos (Consello de Goberno e Consello Social).

A continuación ábrese unha queda de intervencións.

A profesora Alonso Escontrela, decana da Facultade de ciencias de educación de Pontevedra, pregunta pola data tope para enviar propostas e quén as pode facer.

O reitor di que as propostas deben estar presentadas o 30 de novembro e a proposta pode vir dos centros, dos departamentos, etc., non é posible poñer unhas regras ou normas fixas.

Ao profesor Martín Moreno, decano da Facultade de ciencias económicas e empresariais preocúpalle que as cousas non se fagan ben por culpa do pouco tempo que hai para elaborar as propostas. Non ve problema en que non houbese propostas dalgún ámbito se non está preparado.

O reitor comparte parte das preocupacións manifestadas e aínda que pretendamos en principio estar en todos os ámbitos non é cuestión de forzar as propostas polo que se un ámbito non está en condicións de presentar unha proposta este ano podería ir para o vindeiro.

O profesor Gallego, decano da Facultade de bioloxía, manifesta as súas inquedanzas sobre diversos aspectos e parécelle máis sensato esperar ata que estean deseñados os programas de grao polo que amósase máis partidario de traballar nun posgrao para o vindeiro ano. Informa de que os tres decanos de bioloxía das tres universidades galegas firmaron un manifesto no que

sinalan que non van elaborar propostas antes de coñecer o grao de bioloxía. É partidario de facer as cousas ben e con calma.

O reitor di que lle parece razoable a postura dos decanos de bioloxía pero que nas diferentes facultades o ambiente tamén é diferente e danse todas as casuísticas. É partidario de esperar a ver qué propostas se presentan e cre que o feito de apoiarnos na docencia de 2º ciclo vai facer máis leve a transición.

A profesora Camino Noia, decana en funcións da Facultade de filoloxía e tradución, fai unha reflexión sobre os segundos ciclos das licenciaturas actuais. Considera que habería que coidalos un pouco máis, sobre todo se esas materias pasan a ser o primeiro curso dun posgrao.

O reitor non comparte o diagnóstico de que esta universidade teña problemas cos segundos ciclos xa que son distintos segundo as facultades e considera que non se poden facer xuízos de valor.

O profesor Celso Campos, despois de escoitar a intervención do reitor, opina que están formuladas dúas velocidades diferentes:

- a primeira é que en aproximadamente 15 días hai que elaborar unha proposta,
- a segunda é que despois duns 6 anos cada centro terá un curso de posgrao.

Propón que debería haber dúas estratexias diferentes para analizar estas ofertas e cre que habería que centrar un pouco máis cómo van ser esas cinco propostas.

O reitor está de acordo con que estamos traballando nun contexto difuso e é difícil dar instrucións concretas.

O profesor Tojo comparte co reitor que falar de posgrao sen definir o grao é complicado, preocúpalle cómo combinar máster-doutoramento e posgrao así como as dúas velocidades e cre que outras universidades próximas teñen o tema moito máis estudado. Suxire que hai que empezar a pensar na segunda velocidade polo que debería elaborarse unha normativa propia para a comisión de posgrao. Aposta máis pola calidade que pola cantidade e cre que non sería bo que cada titulación teña un posgrao xa que as especialidades con escaseza de alumnos deberían pensar en posgraos transversais.

O reitor insiste en que non é certo que todo o mundo teña este tema moi estudado xa que o nivel de incerteza é moi grande. O novo centro de posgrao vai ser o que tramite as solicitudes de posgrao, é necesario facer a previsión de apoio administrativo ao mesmo e para o que vai haber un financiamento da orde de 80 mil euros por universidade para a posta en marcha. Unha vez constituída a comisión de posgrao, que se elixirá no próximo Consello de Goberno, esta comezará a traballar a partir da información que vaia chegando e deberá elaborar unha normativa que defina o procedemento a seguir.

Está de acordo con que na proposta que se faga de posgraos debe ser imprescindible o criterio de calidade e con que se intenten, na medida do posible, posgraos que cubran varios ámbitos.

A señora Corbacho opina que sería un bo momento para que os dous centros Ciencias xurídicas e do traballo e Ciencias económicas e empresariais chegaran a acordos á hora de propoñer programas de posgrao.

O reitor di que hai tempo que estes dous centros están invitados a traballar en conxunto pero haberá que seguir insistindo.

O señor de Uña Álvarez, director do Departamento de estatística pregunta se se vai implantar o grao de Estatística nesta universidade.

O reitor di que primeiro haberá que ver se no mapa de títulos aparece ese título xa que de momento non está.

O profesor Rodríguez Fuentes, director da E. U. de fisioterapia, di que está claro que esta primeira convocatoria está dedicada a licenciaturas e pregunta cómo poderán optar no futuro as titulacións terminais de 1º ciclo a un programa de posgrao.

O reitor di que aínda non se sabe cómo quedará o grao polo que é difícil falar do posgrao.

O profesor Legido, director do Departamento de física aplicada, considera que esta universidade vai moi lenta neste tema. O seu departamento xestiona un programa de doutoramento interuniversitario con mención de calidade e foron os profesores de fóra os que imprimiron un ritmo máis rápido para traballar nunha proposta de posgrao interuniversitario. A continuación suscita unha serie de dúbidas que se lles presentan á hora de elaborar a proposta.

Despois das intervencións dos profesores Dolores Troncoso e Durany, se levanta a sesión ás 12:40 horas do día 4 de novembro de 2005 da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e prace do reitor

O reitor

A secretaria xeral

Domingo Docampo Amoedo

Mª Teresa Iglesias Randulfe